



## **ABRIL MES DO LIBRO**

**Para celebrar o mes de abril. dende o Ceip Quintela de Moaña estamos a realizar as seguintes actividades:**

### **CONTACONTOS**

**-Día 2 de abril:**

**Día do libro Infantil, en homenaxe ao nacemento de Hans Christian Andersen. Lectura de contos de Andersen, e exposición de traballos plásticos dos seus personaxes.**

**-Día 3 de Abril: Os alumnos e alumnas da Paralaia fixeronnos unha sesión de contacontos.**

**-Día 21 de Abril: Visita do autor e ilustrador Anxo Fariña.**

### **CLUB DE LECTURA**

**-Día 1 de Abril: Fixose a primeira xuntanza do club de lectura do colexio, no que participan alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º. O libro comentado foi "Os megatoxos" de Anxo Fariña.**

### **EXPOSICIÓNS**

**-Exposición nos corredores do colexio de debuxos dos personaxes de Andersen feitos polos nenos de todos os cursos.**

**-Exposición na entrada do colexio de libros. Para esta exposición en cada curso escolleron os libros que máis lles gustan, e con eles fixose a exposición.**

**-Expositor-Mural coas respostas dos pais e nais, profesores, monitores de actividades extraescolares, e persoal non docente do cole á pregunta :¿cal é o libro que máis che gustou de neno?**

**-Exposición de debuxos e traballos plásticos sobre os personaxes dos contos de Anxo Fariña.**

**-Un escenario para contar contos, traballo feito polo 2º e 3º ciclo de Primaria.**

### **OBRADOIROS:**

**-Obradoiros de poesía e de banda deseñada. Ao longo do mes traballan nestes talleres todos os cursos, orientados polos titores.**

**-Taller da lingua divertida. Este taller fixose entre e o 14 ao 18 de Abril. Foi organizado polo Departamento de Normalización do Concello de Moaña, e adicado aos nenos de 6º de Primaria.**

**DIA DO LIBRO (23 DE ABRIL)**

**Recibiremos a visita do Xosé Manuel Millán, alcalde de Moaña, que vai visitar a biblioteca do noso colexio, e será recibido polos alumnos e alumnas de 6º curso que terán unha charla con él sobre os libros que lle gustan, e os que lía de neno.**

**<http://www.bibliotecadocole.com>**